



[Inicio](#) » [Xornal da USC](#) » **Nova**

O catedrático André Antibí analiza nunha conferencia “A constante macabra’ ou como desalentamos a xeracións de alumnos”

Esta intervención forma parte dos actos organizados co gallo da inauguración da nova Aula Magna da Facultade de Matemáticas

• Actualizada o Martes, 29 de marzo de 2005 ás 11:38

O reitor da Universidade de Santiago, Senén Barro, preside na tarde do martes, día 29, a inauguración da nova Aula Magna da Facultade de Matemáticas nun acto a celebrar a partir das 18:00 no centro compostelán. A inauguración prodúcese logo dunha renovación completa por necesidades estruturais que afectaban á seguridade e habitabilidade da Aula. As obras supuxeron a renovación do sistema de calefacción, pavimento, iluminación, mobiliario, ou megafonía entre outros.

No mesmo acto, o catedrático da Universidade Paul Sabatier de Toulouse e na Escola de Enxeñaría de Sup-Aèro André Antibí pronuncia a conferencia titulada “*A constante macabra’ ou como desalentamos a xeracións de alumnos*”. A intervención de Antibí afonda nunha das disfuncións máis importantes do sistema educativo, aquela que se produce cando os docentes, case sempre inconscientes, xogan un papel de seleccionadores do alumnado.

Segundo Antibí, nun grupo onde alumnos e profesor son excelentes se todas as notas dos exames son ‘boas’, o profesor pode chegar a ser sinalado e considerado como brando ou ‘pouco serio’. Polo fenómeno descrito por Antibí, baixo a presión social, os docentes sintense obrigados a conseguir unha certa proporción de notas baixas, unha “constante macabra”, que os fará máis cribles, converténdose así en ‘seleccionadores’ e ‘desalentadores’ de alumnos, cando a súa verdadeira función é a de ser ‘formadores’.

Para André Antibí, a constante macabra é unhas das causas de fracaso en materias como matemáticas ou física, tanto no ensino secundario como universitario. Segundo o especialista francés, “invertir a tendencia é posible” para o que existen solucións simples e motivadoras xa ensaiadas. As teorías de Antibí, ademais de espertar un interese mediático sen precedentes en Francia, abriu un gran debate no sistema educativo deste país, no que importantes asociacións de pais de alumnos e de profesores solicitan que se teñan en conta na formación inicial e continua dos profesores.

André Antibí é doutor en Matemáticas e en Ciencias da Educación é autor de numerosos libros escolares. En 1981 foi nomeado director do institut de Recherche dans l’Enseignement des Mathematiques (IREM) de Toulouse. Dende fai máis de 15 anos dedícase a denunciar incansablemente o fenómenos da ‘constante macabra’, tema do seu libro dirixido ao gran público e traducido este ano ao castelán na editorial Nivola.

Sesións de traballo

Ademais da conferencia impartida este martes, André Antibí participará na xornada do mércores, día 30, nunha sesión de traballo titulada ‘Un novo método de avaliación por

contrato de confianza cos alumnos'. Na xornada, a celebrar a partir das 10:00 horas no Salón de Graos da Facultade de Matemáticas, Antibí presenta ante profesores universitarios e do ensino medio detalles e resultados de experiencias realizadas en Francia por máis de 200 profesores de diferentes materias.

Ligazóns relacionados:

http://calamar.univ-ag.fr/uag/irem/Apmep_constante_macabre.html

<http://mclcm.site.voila.fr/>

© USC